

ANUNCIO

Asunto: RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 431/2025 DE NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO INTERINO, OPERARIO ELECTRICISTA, JESÚS LÓPEZ TABOADA, POR VACANTE

Faise público que en data 06.05.2025 ditouse a Resolución da alcaldía núm. 459/2025 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa dispón:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material da Resolución da alcaldía núm. 431/2025 do 30.04.2025, de xeito que:

On de di:

“PRIMEIRO.- Nomear a Jesús López Taboada como funcionario interino para desempeñar temporalmente unha praza do grupo: C; subgrupo: C2; escala: administración especial; subescala de servizos especiais; clase: persoal de oficios, que se atopa vacante, e ata a súa cobertura definitiva por funcionario/a de carreira, sen prexuízo de que con carácter previo se poida producir calquera outra causa de cese para o persoal funcionario interino prevista nos artigos 24 da LEPG e 10 do TREBEP.

(...)”

Debe dicir:

“PRIMEIRO.- Nomear a Jesús López Taboada como funcionario interino para desempeñar temporalmente unha praza do grupo: C; subgrupo: C2; escala: administración especial; subescala de servizos especiais; clase: persoal de oficios, denominación: operario electricista, que se atopa vacante, e ata a súa cobertura definitiva por funcionario/a de carreira, sen prexuízo de que con carácter previo se poida producir calquera outra causa de cese para o persoal funcionario interino prevista nos artigos 24 da LEPG e 10 do TREBEP.

(...)”

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución á persoa interesada.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e web municipais.

CUARTO.- Dar conta desta resolución aos Departamentos de Intervención e Persoal, así como á Xunta de Persoal.

QUINTO.- Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo e dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas



respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente o 07.05.2025 polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.
F:
P-
150
096
0-G

CVD: yEvhpmbItHjbjaoTJsF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.